

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE OITO PRAZAS (8) DE
SUBALTERNO/A POLO SISTEMA DE QUENDA LIBRE (OEP 2020-2021-2022)****ANUNCIO SOBRE A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO SEGUNDO EXERCICIO CASO
PRÁCTICO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

PRIMEIRO.- En relación as alegacións presentadas polas persoas aspirantes que concorreron ao segundo exercicio caso práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio, o órgano de selección, en sesión do 5 de maio de 2026, acordou o seguinte que se publica de acordo co establecido nas bases xerais:

I.- Documento 260098777 (DNI *3438**)**

A persoa aspirante solicita achega dos criterios de corrección fixados polo tribunal para a avaliación do segundo exercicio, así como, copia do seu exame. Solicita, asemade, *"suspensión o interrupción del plazo de reclamaciones previsto en la publicación del 22 de Abril de la puntuación de la prueba práctica, de conformidad con los principios de tutela efectiva y evitar la indefensión"*.

O órgano de selección acorda enviar a copia do exame requirida xunto cos criterios de corrección fixados. Asemade, acorda non suspender nin interromper o prazo de alegacións toda vez que os/as aspirantes poden presentar os recursos que correspondan non producíndose indefensión.

II.- Documento 260098831 (DNI *9402**)**

A persoa aspirante solicita as valoracións do seu exercicio e a corrección do exame.

O órgano de selección acorda enviar a copia do exame requirida xunto cos criterios de corrección fixados.

III.- Documento 260099662 (DNI *1629**)**

A persoa aspirante solicita os criterios de corrección empregados para a corrección do segundo exercicio e copia do seu exame.

O órgano de selección acorda enviar a copia do exame requirida xunto cos criterios de corrección fixados.

IV.- Documento 260100077 (DNI *1030**)**

A persoa aspirante solicita revisión presencial do seu exame, copia do mesmo coa corrección desglosada das preguntas e plantilla correctora do tribunal.

O órgano de selección acorda enviar a copia do exame requirida xunto cos criterios de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/06/2026 11:02	Páxina 1 de 2
260139937	CSV: A8B7B1-2F3352-D648D1-KLUQ15-2LF22K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



corrección fixados e, asemade, acorda non acceder á solicitude de revisión presencial do exame toda vez que considera que, co envío da copia do exame e da plantilla de corrección, dáse cumprimento ás pretensións da solicitante.

SEGUNDO.- Contra a resolución das alegacións presentadas os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada (artigos 121-122 da Lei 39/2015), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O que se publica para xeral coñecemento.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria do órgano de selección



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/06/2026 11:02	Páxina 2 de 2
260139937	CSV: A8B7B1-2F3352-D648D1-KLUQ15-2LF22K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		